

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 17 de agosto de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase conceder as licenzas municipais de instalación e as licenzas de obras para ampliación de nave industrial e instalacións para almacén de materiais de construción con exposición e venda de equipamento para baño e cociña na rúa da Industria, parcela 89, e para centro de lavado no centro comercial “As Termas”, sito na avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo, número 93.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase desestimar o recurso de revisión da licenza de obras aprobada na Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de xullo de 2010, para ampliación do almacén da actividade agropecuaria, en Portomeilán-Adai.

Acórdase conceder as seguintes licenzas: para construír unha vivenda unifamiliar illada e piscina descuberta, na rúa río Louzaneta, número 1, parcelas 21-22-23, polígono 1, rueiro 7, sector SUR-B, Louzaneta-Areeiras; para acondicionamento da subparcela P1 para aparcadoiro ao aire libre e construción de dúas naves apegadas nas subparcelas P2 e P3 coas seguintes características: nave para almacén e venda por xunto de produtos de alimentación e droguería na subparcela P2 con acceso pola rúa Agricultura, e nave para almacén e venda polo miúdo de produtos de alimentación e droguería na subparcela P3 con acceso pola rúa

da Industria, a situar na rúa da Industria e rúa da Agricultura, parcelas 111 - 112, subparcelas P1, P2 e P3; para substitución de galería, legalización de fiestras e reforma interior de plantas altas con cambio de uso de apartamentos a oficinas, no edificio sito na rúa do Teatro, número 3; para legalización de entresollado e obras de acondicionamento para ampliación de oficinas, no edificio sito na rúa Manuel Leiras Pulpeiro, número 16; para legalización de ampliación de entresollado e desvinculación de planta baixa, no edificio coas licenzas municipais números 307/90 e 349/92, sito na rúa do Franco, número 24; para legalización de reposición de muro medianeiro entre as dúas edificacións, na rúa do Teatro, números 8 e 10; para legalización de reposición de muro medianeiro entre as dúas edificacións, na rúa do Teatro, números 10 e 12; e para legalización de planta primeira en nave industrial sen uso definido, construída coa licenza de obras número 180/2002, sita na rúa dos Carros, parcela 18.

Tamén ses acorda conceder a licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa do Peto, número 6, con licenzas de obra números 458/02 e 418/11.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase adiar a modificación da relación de postos de traballo do Corpo da Policía Local de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión de prezos para o período que vai dende o 24 de maio de 2011 ata o 23 de maio de 2012 das tarifas de consumición, correspondentes á explotación do servizo de cafetería restaurante anexo ao centro de empresas e innovación (Complexo CEI-NODUS-Espazo>Lab-Parque de Bombeiros).

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia contra a contratación do servizo consistente na realización dos estudos previos, redacción do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección de obra, coordinación en materia de seguridade e saúde e seguimento arqueolóxico durante a execución das obras de construción dun edificio destinado a novas tecnoloxías (Proxecto 10UR1101 urban edificio novas tecnoloxías).

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase denegar a solicitude de autorización de utilización do local número 1 da Casa Clara Campoamor.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase aprobar os pregos de prescripcíons técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto, a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación da realización dunha auditoría enerxética das instalacións de iluminación pública exterior do Concello de Lugo.

Lugo, 24 de agosto de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García